



Concello de
Redondela



Redondela é Deporte
CONCELLERÍA DE DEPORTES
Concello de Redondela

REGULAMENTO IV CARREIRA POPULAR INFANTIL CONCELLO DE REDONDELA

O SÁBADO 07 de setembro de 2024, terá lugar no Concello de Redondela a IV edición da Carreira popular infantil deste Concello, organizada polo Concello de Redondela, e contando coa colaboración da Asociación deportiva C.A.R.

1- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

As categorías de competición serán as seguintes:

Pitufos	Nados entre os anos 2019 e 2022
Sub 8	Nados entre os anos 2017 e 2018
Sub 10	Nados nos anos 2015 e 2016
Sub 12	Nados nos anos 2013 e 2014
Sub 14	Nados nos anos 2011 e 2012
Sub 16	Nados nos anos 2009 e 2010
Sub 18	Nados nos anos 2007 e 2008

2- HORARIO DAS PROBAS e DISTANCIAS:

HORARIO	CATEGORÍA	DISTANCIA
19:00	Sub 18	2300m, aproximadamente.
19:15	Sub 16	1500m, aproximadamente.
19:30	Sub 14	800 m, aproximadamente.
19:40	Sub 12	500 m, aproximadamente.
19:55	Sub 10	200m, aproximadamente.
20:15	Sub 8 e Pitufos	Entre 50 e 150 m, segundo o ano de nacemento.
20:45	Entrega de trofeos.	

3- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse on line na páxina web de Cronotec. Haberá un teléfono de contacto (Manuel – 667833100), para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir con respecto á inscrición.

As inscricións cerrarán o mércores, día 4 de setembro.

Non haberá cota de inscrición.

Non haberá control de tempos, polo que non se xerará lista de resultados finais. Tódolos rapaces levarán unha medalla de recordo e, a partir da categoría sub 12, haberá trofeo para os tres primeiros e tres primeiras clasificadas de cada proba. Nas categorías de sub 10 cara abaixo entregaremos a todos os participantes unha bolsa de lambetadas.

4- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollerse nos soportais do Concello de Redondela ata MEDIA HORA ANTES DO INICIO DE CADA CARREIRA.

5- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS:

A saída das probas estará ubicada na rúa Alfonso XII. A meta estará ubicada na mesma rúa, concremente fronte á Casa do Concello.

6- PREMIOS E AGASALLOS:

Haberá medallas para tódolos participantes.

A partir da categoría sub 12 e ata sub 18, haberá trofeos para os tres primeiros e tres primeiras clasificadas.

7- SERVIZOS MÉDICOS:

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil.